



INFORME DE LEGALIDADE Sobre o PROXECTO DE DECRETO polo que se desenvolve o réxime de concerto para a prestación de servizos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta Secretaría Xeral Técnica, de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómica de Galicia, en relación co proxecto de Decreto polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, emite o seguinte:

INFORME

1. Marco normativo e competencial.

A Constitución española, no seu artigo 148.1.20º, establece que as comunidades autónomas poderán asumir competencias en materia de asistencia social. En virtude do citado precepto, o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23, recolle a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asistencia social.

En virtude da competencia exclusiva da comunidade autónoma na materia aprobouse polo Parlamento galego a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que ten por obxecto estruturar e regular como servizo público os servizos sociais de Galicia para a construción do Sistema galego de benestar. Con esta finalidade a norma configura un sistema de servizos sociais que atende aos trazos propios da sociedade galega, sendo necesaria a incorporación continua dos novos enfoques das políticas sociais que respondan aos cambios que se están a producir nas familias e as persoas como consecuencia do envellecemento, a crise demográfica, a crise da familia tradicional extensa, o aumento da vulnerabilidade social e outras circunstancias.

No proceso de adaptación permanente a Lei 8/2016, do 8 de xullo, pola que se modifica a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia introduce, no Título II o concerto social como forma de prestación de servizos sociais. A norma modificativa fundamentase na liberdade que a Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE, reconece aos estados membros e aos poderes públicos para prestar por sí mesmos ou organizar os servizos sociais de modo que non sexa necesario formalizar contratos públicos, sempre que o dito sistema garanta unha publicidade suficiente e se axuste aos principios de transparencia e non discriminación. Igualmente reitera esta potestade dos estados membros para organizar a prestación dos servizos sociais obrigatorios ou de calquera outro servizo, como os servizos postais, os servizos de interese económico xeral ou os servizos non económicos de interese xeral, ou unha combinación de ambos, así como definir o seu ámbito de aplicación e as características do servizo. Así mesmo, reconece á posibilidade dos estados membros de definir, de conformidade co dereito da Unión, o que consideran servizos de interese económico xeral, como deben organizarse, financiarse e a que obrigas específicas deben estar suxeitos.

Todas estas consideracións foron incorporadas ao noso marco normativo coa transposición das directivas de contratación en virtude da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que se transpón ao ordenamento xurídico español as Directrices do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.





En particular, debe destacarse a exclusión do ámbito obxectivo da normativa en materia de contratación da prestación dos servizos sociais por entidades privadas, realizada sen necesidade de subscribir contratos públicos por distintos medios e sempre que o sistema empregado garanta unha publicidade suficiente e se axuste aos principios de transparencia e non discriminación. Así mesmo, na disposición adicional cuadraxésimo novena da Lei recollese a posibilidade das comunidades autónomas, no exercicio das competencias que teñen atribuídas, de legislar articulando instrumentos non contractuais para a prestación de servizos públicos destinados a satisfacer necesidades de carácter social.

Polo exposto, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, incorpora o concerto social como unha modalidade contractual diferenciada do concerto xeral recollido na norma xeral de contratos do sector público. Dótase así a administración autonómica dun novo mecanismo que permite impulsar as súas relacións coas entidades prestadoras de servizos sociais e acadar unha maior seguridade xurídica nas actividades económicas deste sector. A súa vez o establecemento de concertos incorporará, na provisión dos servizos sociais, os principios de atención personalizada e integral, arraigo da persoa no entorno de atención social, elección da persoa e continuidade na atención no seu ciclo de vida e calidade.

Na dita lei, a regulación do concerto social recóllese nos artigos 33 bis a 33 septies, no seu título II que regula a prestación dos servizos sociais. Ademais do réxime xurídico do concerto social figuran establecidos de xeito amplo o obxecto, os efectos, os requisitos exixidos para acceder a este réxime, a duración, a modificación, a renovación e a extinción, así como os requisitos da súa formalización. En todos estes artigos derívase ao desenvolvemento regulamentario para a concreción de todos estes extremos.

Así, o proxecto de decreto que agora se presenta ten así por obxecto o desenvolvemento das prescricións legais para o establecemento do procedemento e, as especificacións e condicións básicas para a execución dos concertos sociais dentro da submisión ao dereito administrativo e a normativa de servizos sociais.

b) No que atinxe á competencia, correspóndelle á Consellería de Política Social promover o proxecto de Decreto ao ser o órgano superior da Xunta de Galicia que asume o exercicio das competencias en materia de asuntos sociais de conformidade co Decreto 176/2915, do 3 decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

2. Acerto e oportunidade.

Neste contexto normativo, na prestación dos servizos sociais e a participación da iniciativa social e de entidades privadas, de conformidade co disposto no Capítulo II do título II e o mandato establecido na disposición derradeira terceira da Lei 13/2008, do 3 de decembro, cómpre a través do proxecto que e presenta, o desenvolvemento de xeito específico da regulación do réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma na consecución dos principios que rexen di sistema de servizos sociais.

Así, vista a estrutura e o contido do proxecto normativo, pódese colexir que permite acadar o obxectivo proposto.

3. Tramitación.

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, o proxecto acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro. Así





mesmo, axustase ao disposto nos artigos 127 e seguintes de Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Recíbese na Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa da Secretaría Xeral Técnica o texto do anteproxecto do decreto acompañado dos documentos que de seguido se relacionan, de conformidade co artigo 41 da Lei 16/2010, do 17 de decembro:

- Unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, o seu acerto e a súa oportunidade.
- Unha memoria económico-financieira.
- Táboa de vixencias

Consta no expediente o acordo de inicio do procedemento de elaboración do decreto asinado pola persoa titular da Consellería de Política Social o 10 de xuño de 2019 (artigo 41 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Tras a consulta previa coa recepción das suxestións da entidade Fademga Plena Inclusión Galicia con aportacións ao réxime de concerto (as mesmas de xeito reiterado), unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o servizo de Apoio Técnico-Xurídico da Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa da Secretaría Xeral Técnica, emite informe con data 20 de setembro de 2019. O anteproxecto de decreto obtivo a aprobación inicial da persoa titular da Consellería competente en materia de asistencia social (Consellería de Política Social) o 23 de setembro de 2020 (artigos 41.1 e 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

En cumprimento do disposto no artigo 41.5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro e no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o agora proxecto normativo publicouse no Portal de Transparencia para que as persoas puidesen presentar as suxestións que considerasen oportunas, dende o 25.09.2019 ao 15.10.2019.

A través do portal de transparencia recibíronse oito suxestións ao proxecto de decreto presentadas polas entidades que se relacionan: Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami), Aldeas infantís SOS Galicia, Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace), Federación Aspace Galicia, Federación Autismo Galicia (FAG), Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), Fademga Plena Inclusión Galicia, EAPN Galicia-Rede Europea contra a Pobreza e a Exclusión Social.

Iniciada a fase intermedia, de acordo co establecido no artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, deuse trámite de audiencia por un período de 15 días hábiles as seguintes entidades: Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), Federación Autismo Galicia, Federación de Asociacións Galegas de familiares de enfermos de Alzheimer (Fagal), Federación Gallega de Asociacións de Atención a las Personas con Parálisis Cerebral, Asociación Rede Europea de Loita contra a pobreza e a exclusión social, Cruz Roja Española, Organización Nacional de Cegos españois, Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami), Fademga Plena Inclusión Galicia, Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidades mentais de Galicia (Feafes), Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace), Cermi Galicia, Down Galicia, IGAXES, Fundación Secretariado Gitano, Fundación Educativa e Social Dignidade, Ecos do sur, Fundación Juansoador, Aldeas Infantís SOS de Galicia-Vigo, Iniciativa de Apoio a Infancia ARELA, Asociación cidadana de lucha contra a droga, Asociación de iniciativa social Berce, Asociación Centro Trama, Fundación Diagrama-Intervención psicosocial, Agademe, Fundación Camiña Social.





Presentaron alegacións no prazo establecido:

Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), Cogami, Fademga Plena Inclusión Galicia, Feafes, Fegadace, Cermi Galicia, Down Galicia, IGAXES, Fundación Secretariado Gitano.

Así mesmo, deuse audiencia aos órganos/prganismos e ás consellerías que integran a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Pronúncianse sobre o proxecto normativo: Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Amtega, Consellería de Sanidade, Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

Na dita fase de tramitación, o proxecto de decreto foi remitido e recabarónse os seguintes informes:

- Informe de impacto de xénero da Secretaría Xeral da Igualdade.
- Certificación do acordo emitido polo Consello Galego de Benestar Social adoptado na súa reunión do 19 de febreiro de 2020.
- Informe favorable da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.
- Informe favorable de sostibilidade financeira da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

Así mesmo, o proxecto foi remitido á Federación Galega de Municipios e Provincial (Fegamp) que emite o seu informe o 03.06.2020.

As observacións recibidas no trámite de audiencia e os informes foron obxecto de estudo e o seu tratamento consta no informe que se incorpora ao expediente.

Na fase final o proxecto de decreto, na súa versión do 12.03.2020 xunto co expediente administrativo, someteuse ao preceptivo informe da Asesoría Xurídica que o emite con data 23.09.2020.

Tras as observacións de carácter xeral sobre a competencia, o procedemento da elaboración de disposicións de carácter xeral, a natureza executiva do proxecto normativo, o cumprimento das directrices de técnica normativa (reproducción de preceptos legais, división dos artigos, coherencia terminolóxica), a Asesoría Xurídica formula unha serie de consideracións sobre o texto, especificamente en relación aos artigos 3, 5, 6, 10, 11, 12, 14, 15, 16, 18 e 19, que inciden principalmente na referencia ás entidades instrumentais adscritas como promotores destes procedementos.

Sobre as observacións xuntase ao expediente o informe sobre o seu tratamento.

Resultado da audiencia e os informes emitidos na fase intermedia e final o proxecto de decreto, na súa última versión, componse, tras o título e a parte expositiva, de corenta e dous artigos distribuídos en oito capítulos, tres disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha derogatoria e tres derradeiras, como a continuación se indica:





CAPÍTULO I. Disposicións xerais

- Artigo 1. *Obxecto*
- Artigo 2. *Ámbito de aplicación*
- Artigo 3. *Principios*
- Artigo 4. *Ámbito obxectivo*
- Artigo 5. *Ámbito subxectivo*

CAPÍTULO II. Réxime para concertar

- Artigo 6. *Requisitos esixidos ás entidades para concertar*
- Artigo 7. *Prohibicións para concertar*
- Artigo 8. *Duración dos concertos*

CAPÍTULO III. Procedemento de concertación

- Artigo 9. *Modalidades de concertación*
- Artigo 10. *Expediente dos concertos sociais*
- Artigo 11. *Inicio e convocatoria do concerto*
- Artigo 12. *Presentación de solicitudes*
- Artigo 13. *Criterios de preferencia e selección*
- Artigo 14. *Tramitación de solicitudes*
- Artigo 15. *Comisión de valoración*
- Artigo 16. *Resolución de concertación*
- Artigo 17. *Publicidade dos concertos*
- Artigo 18. *Recursos*
- Artigo 19. *Formalización*

CAPÍTULO IV. Execución

- Artigo 20. *Obrigas da entidade concertada*
- Artigo 21. *Incumprimento das obrigas por parte da entidade concertada*
- Artigo 22. *Obrigas da administración concertante*
- Artigo 23. *Incumprimento das obrigas por parte da administración*
- Artigo 24. *Servizos ou prestacións complementarias*
- Artigo 25. *Limitacións á subcontratación e cesión de servizos concertados*
- Artigo 26. *Inspección e control*

CAPÍTULO V. Modificación e prórroga

- Artigo 27. *Modificación do acordo de concertación*
- Artigo 28. *Modificación do número de prazas ou de servizos concertados*
- Artigo 29. *Modificación das condicións técnicas*
- Artigo 30. *Sucesión da entidade concertada*
- Artigo 31. *Prórroga dos concertos sociais*

CAPÍTULO VI. Extinción do concerto social

- Artigo 32. *Causas de extinción do concerto social*
- Artigo 33. *Cumprimento dos concertos*
- Artigo 34. *Extinción do concerto por resolución*
- Artigo 35. *Efectos da resolución*





CAPÍTULO VII. Réxime económico

- Artigo 36. *Financiamento dos concertos sociais*
- Artigo 37. *Revisión dos prezos ou módulos*
- Artigo 38. *Incompatibilidade coa percepción doutros ingresos*
- Artigo 39. *Pagamento do custo do concerto*
- Artigo 40. *Reintegración de cantidades percibidas indebidamente*
- Artigo 41. *Transmisión dos dereitos de cobro*

CAPÍTULO VIII. Conflitos e xurisdición

- Artigo 42. *Resolución de conflitos*

- Disposición adicional primeira. *Tramitación anticipada*
- Disposición adicional segunda. *Diferenciación e complementariedade da modalidade contractual.*
- Disposición adicional terceira. *Actualización de modelos normalizados.*

- Disposición transitoria primeira. *Transición ás primeiras convocatorias de concertos sociais*
- Disposición transitoria segunda. *Requisitos técnicos non regulados.*
- Disposición transitoria terceira. *Transparencia*

- Disposición derogatoria única. *Normas que se derrogan*

- Disposición derradeira primeira. *Réxime supletorio*
- Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo*
- Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

4. Legalidade.

O proxecto someterase á aprobación definitiva da persoa titular da Consellería de Política Social e finalmente remitirase á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, segundo o artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, tras o ditame do Consello Consultivo de Galicia.

De acordo co indicado considerase que este proxecto de decreto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se informa favorablemente o proxecto de **Decreto polo que se desenvolve o réxime de concerto para a prestación de servizos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia** (artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital do presente informe.

A secretaria xeral técnica

María Francisca Gómez Santos

